



O PETRÓGLIFO DAS CUNCAS OU AS FERRADAS: THE YORKSHIRE CONNECTION

No ano 2012 a SAGA notificou á Administración competente o descubrimento, en 2011 e por parte dun dos seus membros (Miguel Losada), dun ben de interese arqueolóxico sito na parroquia de Santa Baia, en Vences, Concello de Monterrei, Ourense.



Petróglifo de as Ferradas ou as Cuncas. Covas Rubias. Vences. Foto SAGA 2013

Tratábase dun petróglifo que pola súa localización na zona de acceso ó monumental e inveterado coto mineiro de Arcucelos podería resultar un achádo de gran importancia.

En calquera caso, tratábase sen dúbida dun elemento cultural daqueles sobre os que o ordenamento xurídico estende a súa protección en sentido amplo, inda que usualmente esta non se concrete máis que de xeito parcial ou difuso, permitindo con elo a erosión dun patrimonio que agarda mellor consideración. Unha mostra do noso inmenso patrimonio pode ser vista con máis detalle no blog do colaborador da SAGA Xavier Moure.

<http://onosopatrimonio.blogspot.com.es/>

O caso é que no lugar de "As Cuncas" ou "As ferradas", na beira dunha pista que en tempos foi camiño transmontano e de longo percorrido; preto da coñecida e antiga área de explotación mineira de As Covas Rubias— nunha cota algo superior e cara ó sur sobre un contraforte do Monte Meda— atopábase unha estación con petróglifos sita nun contexto amplo, rico e mal coñecido ou ignorado pola historiografía.

A parte alta do val do río Támega ven de revelarse nos últimos tempos como unha das áreas máis importantes para o coñecemento da prehistoria recente, non só de Galicia e a súa contorna galaica, mais tamén dun contexto máis amplo como veremos a seguir.

Pode que este recoñecemento fiquese instituído de pleno dereito ou de xeito oficial, se se quere, pola posta en marcha do "Proxecto Alto Támega" da Universidade de Vigo en colaboración con entidades e persoas asentadas na zona.



"Cup and ring mark stone" en Dalgarven. Ayrshire, Escocia

<http://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/thumb/9/90/Cupandring.JPG/220px-Cupandring.JPG>



<https://www.facebook.com/ProxectoAltoTamega?ref=ts&fref=ts>

A participación da SAGA, entre outras, neste proxecto multidisciplinar aspira a fornecer de elementos de xuízo que permitan axudar ó mellor coñecemento da realidade cultural galega. Tamén deberá contribuír á normalización da relación entre a sociedade e o seu patrimonio, fronte ó proceso de aculturación que ven da mau da tan manida globalización.

Así, o primeiro paso que demos foi comezar a escoitar atentamente, e de xeito crítico, ás persoas da contorna para ir peneirando os elementos significativos, e comprender as circunstancias do lugar. Moitos datos teñen ido aparecendo, comezando polo nome mesmo do sitio, xa case que esquecido. "Cuncas" ou "ferradas" son sinónimos que indican concavidades, ocos na pedra nesta ocasión, que tamén son coñecidos noutras partes como "coviñas". Na Gran Bretaña, por exemplo, adoitan chamarlles "cups" ou sexa, "cuncas" tamén. Aló considérase que as "Cupmarks" británicas son produto das culturas do período neolítico e da idade do bronce. Poden, igual que en Galicia, facer parte de conxuntos delas e/ou estar asociadas a outros deseños como os trazos concéntricos, os "cup and ring marks".

No contexto inmediato desta parte do val do Tamega cómpre sinalar que dun tempo a esta parte, teñen ido aparecendo ducias, literalmente, de estacións da arte rupestre galega. A meirande parte delas debidas ó esforzo de Bruno Rúa que decidiu ademais publica-los seus acha-

dos. Mais hai outros como Héctor Salgado, Diana García, X.R. Reigada, Rafa Castro, Eduardo Castro, ou Xosé Lois Lozano, ós que é xusto agradecer tamén a súa xenerosidade e bo facer. Estas iniciativas e a ubicuidade das estacións evidenciaron a riqueza que debía ter esta área.

En calquera primeira aproximación cara á comprensión dos petróglifos e, xa que logo, cara á sofisticada mente simbólica das persoas e a sociedade da que facían parte, a análise estilís-

tica dos motivos institúese nunha sorte de metodoloxía urxente. O auxiliar transfórmase así en principal fronte ó desleixo das administracións e ás dificultades de catalogación, as cales non derivan unicamente da falla de medios humanos, económicos ou doutra caste, senón da manifesta imposibilidade de catalogar e, xa que logo, de protexer aquilo que tecnicamente non se pode, pacificamente, procurar antes de que sexa destruído; nin tampouco facer visible para que as comunidades o poidan incorporar, asimilar e reciclar nos seus circuitos cotiáns.

Así, perante a falla de mellores consideracións ás que abeirarse e diante desta aguillada oficial, o nihilismo adoita se-la única argamasa das consideracións posteriores, dando por feito que "nunca" será posible entendelas en relación á sociedade que as pariu.

Probablemente isto seguirá sendo

certo mentres se teña por seguro que os elementos materiais das culturas son acenos substantivos delas antes que simples e meros accesorios. Na nosa opinión estes teñen este segundo significado, inda que non menor interese ou importancia.



*Pedra "do sacrificio" en Hartola
Finlandia*

http://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/thumb/1/16/Kuppikivi_hartola.jpg/220px-Kuppikivi_hartola.jpg

Máis información sobre o fenómeno das coviñas, cuncas ou ferradas no mundo:

http://en.wikipedia.org/wiki/Cup_and_ring_mark



Se o estilo e o material define dalgún xeito ás culturas, como se ten argumentando en tantas ocasións, cómpre reflexionar sobre asuntos como o seguinte: No día de hoxe, para esta parte de Galicia ou curso alto do Támega é unha realidade o feito de que a abundancia en empraamentos é inversamente proporcional ó coñecemento e nivel de protección que se ten sobre eles. Cóstanos que noutras partes do país tamén acontece o mesmo, tal como evidenciaremos a non tardar. Mais cóstanos tamén outra

cousa ó respecto, como é que a tipoloxía de todos estes do parágrafo anterior non é única nin característica da cultura galega, o cal, na nosa opinión, lonxe de diminuír a súa importancia contribúe a engrandecela como fenómeno amplo, ancestral e milenar.

En efecto, na SAGA, grazas á axuda imprescindible e insustituíble dos seus colaboradores, atopamos que dende o punto de vista estilístico o petróglifo "das Ferradas", ou "das Cuncas" ten os seus parentes máis achegados non so nos da propia cunca do Támega, senón naqueles do país de Yorkshire, especialmente nas zonas de

North e West Yorkshire e as súas bisbarrras, onde destaca a estes efectos o petróglifo coñecido como a árbore da vida, The tree of live stone, segundo os locais.

Imaxe deste petróglifo e interesante post, no blog de Andregoto Galíndez.

http://arqueotoponimia.blogspot.com.es/2013_04_01_archive.html

Os petróglifos de Yorkshire e máis aló:

<http://ukra.jalbum.net/brac/England/Yorkshire/index.html>

Xulguen vostedes mesmos non só en relación á dita "árbore" mais tamén segundo a feitura dos



*Petróglifo de a Granxa
foto X. A. Gavilanes 2012*



Petróglifo de Casar de Nino. Foto X. A



*Petróglifo Lameira-Sta.Cruz
foto X. A. Gavilanes 2012*



*Petróglifo de Bouzas
foto X. A. Gavilanes 2012*



*Petróglifo da Ansuíña I. (Atopado por un xubilado que pasaba uns días nun balneario. Canda este atopou outros doce máis) .
Foto X. A. Gavilanes 2012*



de toda a contorna do norte de Yorkshire, onde as covañas e deseños galaicos son, estilisticamente, tamén, signo de identidade aló.



*Petróglifo de O Pombal.
Foto X. Gavilanes 2012*



*Petróglifo das Pereiras.
Foto X. Gavilanes 2012*



*Petróglifo das Pereiras.
Foto X. Gavilanes 2012*



*Pedrafitas Couso.
Foto SAGA 2012*

Puxémonos en contacto co noso colega e colaborador Graeme Chappell, coñecedor experto daqueles petróglifos das Illas, sinalado contribuidor do British Art Rock Collection, BRAC, e autor dun prestixioso blog. Literalmente a súa resposta foi que *"Each rock art site is unique - with its arrangement of carvings.(...) But it also looks so familiar that it would not be 'out of place' here in the UK"*. Nos tamén pensamos que calquera deles non estaría fóra de lugar tanto aló coma acá.

Blog de Graeme Chappell:

<http://rockartuk.wordpress.com/2013/12/02/a-winter-get-away-covas-rubias/>

O BRAC:

<http://ukra.jalbum.net/brac/About%20BRAC/BRAC%20Contributors/index.html#>

Mr. Chappell confirmounos algo que tamén acontece con outras manifestacións culturais galegas. Ó igual que no caso de moitos dos castros do noroeste da Península Iberica, por exemplo, o petróglifo atopado en Vences, parroquia de Santa Baia, encaixaría perfectamente naquela paisaxe británica. Chappell colocou un dos nosos vídeos no seu blog. Thank you Graeme. A este respecto pode consultarse, ademais, a serie de vídeo post sobre as grandes cidades galegas da prehistoria que temos encetado no noso blog e que tamén expresa a mesma idea de equivalencias materiais.

<http://sociedadeantropoloxicagalega.wordpress.com/2013/11/10/viaxe-da-saga-a-cidade-dos-homes-fortes-os-acenos-galaicos-do-castro-gales-de-trer-ceiri/>


Algo semellante pode dicirse do caso dos torques "galegos" do British Museum, levados aló ou feitos dentro da mesma "atmosfera" cultural, pois.



*Torques galaicos do British Museum
Foto SAGA 2013*



O mesmo acontece en moitos outros casos, como teñen demostrado investigadores como X. A. Gavilanes pola parte norte da provincia de Ourense, X. Moure cos seus achados nos Ancares (Campa do Barreiro en Cervantes, Lugo e outros) ou o excepcional achádegos de Rafael Castro tamén no Támega, na beira do importante camiño cara outro coto mineiro de gran importancia como é o de Vilardecervos, no concello de Vilardevós, Ourense. Trátase dun monólito que seica estivo ergueito nas proximidades desta vereas e que posúe un elegante petróglifo na súa parte distal.



*Monólito con petróglifo.
Pozo do Demo. Verín.
Debuxo Rafa Castro 2013*

Desta peza dunhas tres toneladas, descuberta por este senlleiro colaborador da SAGA, falaremos noutra ocasión con máis deteñemento, xa que así o merece. Estén atentos á sección Achádegos deste boletín Caderno de Campo nº7/2013.



*Petróglifo sobre parafita e coviñas na súa parte posterior.
Vilar de Perdizes. Foto SAGA 2012*

Chegado a este punto cómpre lembrar que, historicamente, os Brigantes foron o pobo que habitou as terras do país de Yorkshire, logo dunha mítica ou épica —cada quen que pense o que queira, ou lle conveña— viaxe dende Galicia.



Petróglifo parcialmente destruído. Pozo do Demo,. Verín. Foto SAGA 2013

Convidámoslos pois, a botarlle unha ollada ó catálogo do BRAC e a compara-lo estilo dos petróglifos como os da etiqueta Snowden-Carr Otley, dentro da pestana North Yorkshire, neste link.

<http://ukra.jalbum.net/brac/England/Yorkshire/North%20Yorkshire/Snowden%20Carr%20Otley/index.html>



REMATAMOS A FILMACIÓN DO DOCUMENTAL "A MEDA DO CENTEO"

Neste último trimestre de ano rematáronse os traballos de gravación do audiovisual "A MEDA DO CENTEO", terceira entrega da triloxía: CONSTRUCCIÓNS VEXETAIS EFÉMERAS DO VAL DO RÍO TOMEZA (GAFOS). Unha serie de tres documentais promovida pola asociación medioambiental Vaipolorío de Pontevedra e cuxa realización, gravación e edición correu a cargo de João Bieites da Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA).



Faro de Vigo, 21 de agosto de 2013



Diario de Pontevedra, 22 de agosto de 2013

PRESENTACIÓN EN BOTICAS (PORTUGAL) DO PROXECTO "ALTO TÁMEGA: ACCIÓNS NA PAISAXE PATRIMONIAL"

O 31 de Agosto no auditório do Centro de Artes Nadir Afonso en Boticas presentouse o proxecto "**Alto Támeiga: accións na paisaxe patrimonial**" no que participa a SAGA. O acto contou cunha conferencia de Beatriz Comendador Rey e de Félix González Insua (Universidade de Vigo). No evento estiveron tamén presentes representantes da Sociedade Antropolóxica Galega e da Asociación Cultural Alto Támeiga, asociacións que colaboran directamente no proxecto.

Máis información sobre o referido proxecto:

<https://www.facebook.com/ProxectoAltoTamega?fref=ts>



PARTICIPAMOS NO "XXVII CONGRESSO DE MEDICINA POPULAR" DE VILAR DE PERDIZES

O compañeiro da SAGA Rafael Quintía participou no **XXVII Congreso de Medicina Popular** que se celebrou en Vilar de Perdizes (Portugal) entre os días 5 e 8 de setembro. Rafael Quintía deu unha conferencia sobre o uso do alicornio na medicina popular.



Un momento da conferencia sobre o uso do alicornio na medicina popular.

Na mesa e de esquerda a dereita María Feliz, John McAdam, Rafael Quintía e Sara Repolho

PROGRAMA:

Decorre de 5 a 8 de Setembro a 27.^a edición do Congreso de Medicina Popular de Vilar de Perdizes, evento de referència do concello de Montalegre que continua a galvanizar moitos curiosos em torno de temáticas relacionadas com o misticismo. A figura do padre Fontes volta a ser o barómetro do evento. Ao longo dos próximos días daremos conta dos pormenores do programa elaborado pola organización.

PALESTRAS

Quinta-feira - 5 Setembro

21h00

- Abertura do XVII Congreso Vilar de Perdizes (Vice-presidente da Câmara de Montalegre, Orlando Alves)
- Apresentação de expositores e feirantes do Congresso
- João Sanches, "Sexo na raia galego/transmontana" (projeção de documentário sobre os 30 anos do Congresso de Medicina Popular)

Sexta-feira - 6 Setembro

15h00

- Sara Repolho (moderadora), "Representações de saúde, doença e recursos em adolescentes"
- Luciana Och Benke, "Medicina popular na Suécia"
- John McAdam, "Novas plantas"
- Maria Feliz, "Tem que ser Alzheimer?"
- Rafael Quintia "Uso do Copo de Alicornio na medicina popular"

21h00

- José Carlos Costa (moderador),
- Mestre Alves, "Exorcismo e Encosto no sec. XXI"
- Jorge Lage, "Virtudes da castanha"
- Telma Teixeira, "Medicinas alternativas"

- Cora Nogueira, "Tratamento da incontinência"

Sábado - 7 Setembro

15h00

- Gil Alvar (moderador)
- Dr. Gilbert Guiraud, "Reumatismo e medicina popular"
- Vítor Sepodes, "Shiatsu"
- Faustino Santos, "Ataques de pânico, Contributos da Acupuntura"
- João Costa, "Virtude da cereja"

21h00

- Barroso da Fonte (moderador), "Crenças e mitos"
- Dr. Jean Claude Guiraud, "tema a indicar"
- Jorge Quintela, "Emoções"
- Felix Castro Vicente, "Orações a S. Cipriano"

Domingo - 8 Setembro

11h00

- João Sanches (moderador)
- Dr. Carlos Borrego e Dra. Teresa Macedo, "Tanatologia"
- Temas livres, não inscritos
- Conclusões

13h00


- Convívio de encerramento

PRESENTACIÓN DO DOCUMENTAL "O PALLEIRO DE HERBA"

O mércores 6 de novembro na Casa das Campás de Pontevedra presentouse o novo traballo audiovisual da SAGA para a asociación Vaipolorío. O audiovisual foi realizado polo compañeiro João Bieites.



De esquerda a dereita: os membros de Vaipolorío Ramón Laxe e Gonzalo Sancho e o compañeiro da SAGA e realizador do documental João Bieites






CONFERENCIA DO MEMBRO DA SAGA RAFAEL QUINTÍA NA UNIVERSIDADE DE DEUSTO E NA UNIVERSIDADE DO PAÍS VASCO

O mércores 27 de novembro o antropólogo e compañeiro da SAGA Rafael Quintía impartiu unha conferencia na Sala Garate do Campus de Bilbao da Universidade de Deusto. A conferencia levou por título *"O mundo da morte, os defuntos e as ánimas na cultura galega"*. A dita conferencia repetiuse o xoves 28 no campus de Vitoria da Universidade do País Vasco.



Universidade de Deusto, en Bilbao



UNIVERSIDADE DO PAÍS VASCO en Vitoria

PARTICIPAMOS NO ROTEIRO CULTURAL POR OURENSE ORGANIZADO POLO DTS

O pasado sábado 30 de novembro celebrouse un roteiro cultural por Ourense organizado polo blog "Desperta do teu sono" (DTS). A SAGA participou neste interesante roteiro guiado por José Brabosa e nos diferentes actos culturais enmarcados no programa, entre eles a presentación do libro *"Alicornio"*, do antropólogo Rafel Quintía e editado pola SAGA, ou a actuación musical que correu a cargo do grupo de música tradicional galega da SAGA. O programa de actos desta xeira cultural incluía a vista ás Burgas, ás termas e ao centro de interpretación, unha visita a Santa Maria Madre (primeira catedral de Ourense), á Praza da Madalena, á Catedral de Ourense, á Capela do Santo Cristo, un percorrido histórico pola zona vella de Ourense. (Praza do Ferro, Santa Eufémia, Eiroziño dos Cabaleiros...) e a visita á Ponte Romana.

Na Corte dos Bois, en Sandiás, tivo lugar a presentación do libro de Rafa Quintia "O alicornio."



Participantes no roteiro cultural por Ourense na Corte dos Bois

O poder do corno de unicornio na medicina tradicional galega", así como un magosto e a actuación do grupo de música tradicional galega da SAGA (Sociedade Antropolóxica Galega).

LIGAZÓN:

<http://despertadoteusono.blogspot.com.es/2013/11/roteiro-por-ourense-segunda-edicao.html>



"DE ACABALO DE UNICORNIOS": XIRA PRESENTACIÓN DO LIBRO "ALICORNIO. O PODER DO CORNO DE UNICORNIO NA MEDICINA TRADICIONAL GALEGA"



PRESENTACIÓN DE
"ALICORNIO" NA BIBLIOTECA
MUNICIPAL DE VERÍN
(18/10/2013)
Con Miguel Losada



PRESENTACIÓN DE "ALICORNIO" NA FUNDACIÓN
VICENTE RISCO DE ALLARIZ (19/10/2013)
Con Miguel Losada



PRESENTACIÓN DE "ALICORNIO" EN PORTAS
ÁRTABRAS DE A CORUÑA (2013)
Con Felipe Senén



PRESENTACIÓN DE "ALICORNIO" EN
O CARNEIRO ALADO, LUGO (2013)
Con Antonio Reigosa e Miguel Losada



PRESENTACIÓN DE "ALICORNIO" NA GALERÍA
SARGADELOS DE PONTEVEDRA (25/10/2013)
Con João Bieites



PRESENTACIÓN DE "ALICORNIO"
NA CORTE DOS BOIS, SANDIÁS
(OURENSE) 2013
Con José Barbosa e Miguel Losada



CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE O TRABALLO ANTROPOLÓXICO REALIZADO POLA SAGA NA ALDEA DE MALLOU

A Sociedade Antropológica Galega (SAGA) participou como entidade colaboradora na marabillosa aventura do castro de Mallou. Un proxecto de arqueoloxía social promovido polo concello de Carnota, dirixido polo arqueólogo Antón Malde e coordinado a nivel de comunicación e produción por Manuel Gago. A parte de colaborar nos labores de escavación, tanto eu como o compañeiro Miguel Losada levamos a cabo unha investigación antropolóxica na aldea de Mallou e un traballo de recollida de tradición oral xunto con Sole Felloza.

Comprender o castro desde a antropoloxía

Texto: Sociedade Antropológica Galega (SAGA)

Publicado en: <http://castrodemallou.net/index.php/comprender-o-castro-desde-a-antropoloxia/>

A investigación antropolóxica realizada pola Sociedade Antropológica Galega (SAGA) na aldea de Mallou revelou interesantes datos sobre distintos aspectos da vida, organización e economía local desta comunidade carnotá durante os dous últimos séculos. O traballo realizado polos compañeiros Rafael



A aldea de Mallou vista desde o castro. Fotos: SAGA

Quintía e Miguel Losada achegou a este proxecto, entre outros datos, información acerca do uso e explotación agrogandeira do territorio e sobre o aproveitamento do litoral.

A organización do solo, os xeitos de propiedade ou a distribución das distintas vías de comunicación tradicional entre esta comunidade e as poboacións veciñas —tanto do interior como da costa— tamén foron obxecto de estudo. A economía local e o comercio, a xestión do excedente agrícola ou pesqueiro, a riqueza en recursos naturais, o número de colleitas segundo a calidade do solo e a climatoloxía local foron aspectos básicos que tampouco escaparon a este traballo, así como o estudo da paisaxe da contorna e o seu cambio ao longo das últimas décadas.

Aspectos máis vinculados á vida social, como o matrimonio ou a mocidade, entre outros, permitiron albiscar determinadas regras de parentesco que, a falla dun traballo máis intenso, fannos sospeitar a existencia dunha pauta patrilocal no matrimonio. A análise das festas e das celebracións locais revelaron tamén

interesantes lugares de agregación e relación social entre as distintas comunidades desta contorna, destacando San Mamede sobre todos eles.

Os datos recollidos neste traballo de campo abranguen, como se dixo, un horizonte temporal que podemos acoutar en 150 anos, unhas tres xeracións, que é ao que se remonta a memoria viva dos veciños e que en terminoloxía emic (punto de vista do nativo) podemos denominar o que foi "de toda a vida".

Malia que, obviamente, estes datos non poden ser directamente extrapolables a un contexto temporal e cultural máis amplo ou distinto, si que poden ofrecernos datos de interese acerca



de como vivía e se organizaba no ámbito territorial e económico, unha sociedade tradicional e rural baseada nunha economía primaria de subsistencia e autárquica, alicerzada na explotación dos recursos locais, tanto marítimos como terrestres.



Algo de suma importancia para estudar as posibilidades de viabilidade e subsistencia das comunidades galaicas da Idade do Ferro como é o caso dos célticos supertamáricos que habitaron o castro de Mallou.



Rafa Quintía indicando o antigo camiño de acceso ó castro

Estes datos cremos que poden ser de moita axuda, por exemplo, para o estudo dos camiños que comunicaban o castro coas comunidades do interior e do litoral, para a localización dos caladoiros litorais de uso habitual e os posibles emprazamentos de portos ou zonas de interese loxístico, e tamén para a determinación e acou-
tamento das posibles zonas de pastoreo e prade-

río, as zonas de uso intensivo do monte ou as mellores zonas para plantío e uso agrario.

Por último, en colaboración con Soledad Felloza, traballouse asemade no campo da recollida da literatura oral, das lendas e das crenzas locais, descubriendo un mundo mítico fascinante habitado por mouros, romanos, "ceutas", buscadores de sangue, terribles criaturas aladas como a Rampoña ou fermosas soberanas como a raíña Lupa. Grazas a este traballo de recollida oral puidemos redescubrir unha das xeografías míticas que rodea ao castro de Mallou e que ficaba no esquecemento comesta pola vexetación.



San Mamede e o Bico do santo



Horreo de Mallou e pia reutilizada no muro

Un lugar que presenta un grande potencial arqueolóxico a estudar no futuro, referímonos ós penedos coñecidos como Os Mouchos, no Outeiro da Xesta. Unha marabillosa pala, ou abrigo natural, conformada por penedos e outras formacións rochosas suxestivas que, segundo tradición local, foron acubillo dos mouros, de igual xeito que o fora o castro de Mallou.

Neste ámbito de cousas cómpre sinalar que o



nome local co que se refiren as xentes de Mallou a este castro é A Raíña Lupa, pois neste xacemento posuía a famosa soberana o seu castelo e o seu trono, cadeira pétrea que aínda se pode contemplar sobre o Outeiro da Campá, verdadeiro amplificador natural usado polos nenos do lugar debido as capacidades sonoras e de produción de eco que posúe esta espenuca granítica.



Muíño de man atopado no castro

Indagando nos xogos dos nenos descubríronse posibles usos das pías naturais que adobían os penedos do castro e tamén outros interesantes microtopónimos que poden facer relación a estruturas adxacentes á muralla do castro de Mallou, como as Casiñas do raposo, baixo o outeiro das Sete Cabezas.



Zonas de pastoreo vistas dende o castro

A participación da SAGA neste proxecto ten vocación de continuidade e pretensión de calidade. Precisa, xa que logo, dun traballo de campo prolongado que deberá ser desenvolvido no tempo e que terá como albo o locus antro-

pológico con epicentro en Mallou. A relación entre a comunidade e a cultura ven condicionada pola dialéctica entre os condicionantes externos e as pulsións internas. Por elo a SAGA comezou o estudo da interpretación do medio físico como resultado do rexistro histórico. A casa, a aldea, a parroquia e a comarca son as unidades de agregación tomadas en conta polo de agora, o seu estudo deberá permitir o mellor coñecemento da cosmovisión que sustenta a relación dinámica entre a xente de Mallou e o seu pasado.



Facendo recollida en Mallou con Sole Felloza

Unha das liñas de investigación neste contexto, e que queremos salientar pola potencia da cultura inmaterial que a sustenta, será a da exploración do proceso de construción da idea dos "Mouros" como un proceso de establecemento dunha alteridade sobre a que construír a propia identidade colectiva.



Os Mouchos, abrigo inmediato ao castro localizado grazas á colaboración veciñal e ás lendas de mouros

Esta imaxe, estendida por toda Galicia, está tamén presente neste lugar e, segundo a xente de Mallou, eles terían edificado o castro que se



Miguel Losada explicando lendas sobre o castro

erixe omnipresente por riba da aldea. Non se lles atribúe, pois, aos devanceiros esta obra, se non aos membros "doutra" sociedade, relacionados dun xeito simbiótico co seu entorno, do que amosan un gran coñecemento, e que adoita ser eminentemente gandeiro e montañés. A construción da idea de alteridade —os outros, eles/nós, os mouros e axente do pobo— esixe o



O trono da raíña Lupa



Outeiro das Sete Cabezas

desenvolvemento dun proceso de conflitividade, redución, illamento, marxinación, afondamento no xeito de vida dos tales "outros" baseado no seu coñecemento do entorno; endogamia e estrañeza. Con esta hipótese de traballo, na

SAGA vaise tentar aportar traballo neto ao esforzo multidisciplinar realizado no castro de Mallou de xeito exemplar por parte de todos os voluntarios e colaboradores desta iniciativa.



O director da excavación Antón Malde falando con Miguel Losada



Tan só nos queda agardar que o traballo de campo realizado polos compañeiros Rafael Quintía e Miguel Losada dentro deste proxecto de arqueoloxía social sexa de utilidade na marabillosa aventura de achegar luz ao noso pasado. Dende a Sociedade Antropolóxica Galega queremos aproveitar esta ocasión para felicitármonos todos por iniciativas culturais como esta e agradecerlles, en primeiro lugar, aos promotores e directores do proxecto que confiaron en nós para este traballo e, en segundo lugar pero non por elo menos relevante, a todos os colaboradores e voluntarios polo cariño e trato recibido no tempo que pasamos xuntos. Rematamos por agora pero volveremos ao castelo da raíña Lupa...se a rampona nolo permite.



VIAXE DA SAGA Á "CIDADE DOS HOMES FORTES". OS ACENOS GALAICOS DO CASTRO GALÉS DE TRE'R CEIRI

Neste pasado inverno a SAGA comezou unha investigación que, nun dos seus eixos principais, inclúe a análise e contextualización crono cultural dos primeiros entornos urbanos da Galicia prehistórica. Neste sentido entendemos que, ós efectos das nosas pescudas, son cidades prehistóricas galegas aqueles lugares deseñados como contedores permanentes dun novo modelo de espazo vital xurdido hai uns tres mil anos da mau das comunidades do noroeste peninsular ibérico cando comezaron a exteriorizar, de xeito diferente a todo o período anterior, a xestión común das interaccións co medio e con outros grupos ou sociedades.

Así, as cidades serían, na nosa hipótese de traballo, un epifenómeno do cambio social que tentamos documentar e, sobre todo, situar a carón dun factor de escala que eventualmente permitise axudar a entender á Cultura Galega dentro do contexto atlántico, un amplo marco de referencia espacial e temporal que fundamentalmente o é porque é antropológico. Trataríase en definitiva, de comprobar sobre o terreo, até que punto a Cultura Galega (enténdase cultura galaica da Idade do Ferro) formou parte dun proxecto ideolóxico atlántico,



Castro de San Millán

como chegou a elo e que rolpuido ter desempeñado naquel contexto.

Cando pensamos en cidades nas alturas, nos cumiais, curutos, tesos, lombos e lombeiros de Galicia referímo-

nos a elas como castros, na meirande parte das ocasións. Campan na nosa cultura coma senlleiro estandarte identitario. Mais esta condición

cuase totémica que selles ten atribuído puidese estar faltosa dunha sana relativización en tanto que fenómeno cultural singular.

Asi pois, viaxamos cara diferentes cidades prehistóricas da

nosa contorna atlántica co albo de comprendelas, na medida das nosas posibilidades, dende a perspectiva propia dos galegos. Un dos obxectivos prioritarios do noso itinerario foi a illa da Gran Bretaña. Aló existe, como en Galicia e outros lugares, unha grande taxa de complicidade cultural coa idea de "cidade prehistórica e fortificada sita nas alturas". Naquela terra chámanlles "hillforts" e constitúen, tamén, o emblema da súa "cultura castrexa" da Idade do Ferro.


No proceso de documentación constatamos que, como no caso galego, a súa natureza verdadeira non é unha



Cidade Morta dos Galegos



Castro de San Cibrán de Las



Fosos e parapetos do hill fort de Old Sarum



cuestión plenamente pacificada. Deste xeito, pénsase que poden ter sido asentamentos permanentes ou non, residencias de elites maila súa corte ou de



Fronte ó hillfort de Uffington Castle

sociedades relativamente igualitarias; respecto doutros hillforts hai quen pensa que puideron ser centros loxísticos da xestión comunal dos recursos agropecuarios; refuxios temporais fronte ás incertezas das situacións de emerxencia; conxuntos adxectivos doutros asentamentos previos situados nas proximidades e feitos con materiais máis perecedeiros; centros relixiosos operativos nunha parte do ano; conxuntos autoafirmadores da propia identidade fronte á competencia doutras comunidades ou grupos dun territorio máis amplo.



Maiden Castle

Fadrin ou Gar Boduan onde ademais, hai un uso continuado das fortificacións dos seus cumios até a alta Idade Media, cousa que non acontece en Tre'r Ceiri.



O equipo da SAGA que ascendeu ó castro de Tre'r Ceiri


Como se da árbore Yggdrasil se tratase, o castro de Tre'r Ceiri álzase sobre o curuto da montaña

Algunhas semellan ter sido pequenas granxas ocupadas por un reducido número de familias de xeito estacional, as Defended farms da bibliografía inglesa. Como categoría teñen tamén unha gran variabilidade en tamaño e localización, abranguendo calquera extensión entre 1 e 80 hectáreas, tanto nos curutos máis inaccesibles ou as verdes e mansas chairas. Tamén coma no caso galego podemos falar dun desenvolvemento histórico semellante xa que o

seu, breve, intre acadou dende hai uns 31 séculos até uns 21 séculos (3100 antes do presente até o ano 50 da nosa era), uns mil anos.

Non serían estas as únicas similitudes que atopamos no noso percorrido. Mais non puidemos visitalos todos. Tivemos que escoller algún en función de diferentes motivos. Logo de moito ler e consultar decidimos que iamos comezar polo que está considerado o máis perdurable e mellor conservado castro británico: o inexpugnable castro galés de Tre'r Ceiri (debemos ler "Tri Keiri"). Puidemos ter escollido outros de máis doado acceso e tamén moi representativos, como Carn

O que ignorabamos era que iamos chegar ás Illas Británicas no medio dun intenso temporal de vento e neve que tiña a todo o país mudado máis que nunca na branca Albión. Isto complicou algo as cousas.






Esta fortificación xunto ó Mar de Irlanda, nas portas do Mar das Casietérides e do Mar do Norte, atópase na costa da península de Llyn, na serra das Rivals e moi preto da bisbarra de Snowdownia, outro lugar do que tamén falaremos por outros motivos.

Esta serra acada a súa máxima cota no curuto que fica como compañeiro do de Tre'r Ceiri, o Yr Eifl, que tamén aparece no video deste artigo cos seus 564 m de altura. Por toda a contorna existen minas de estaño, cobre, ouro e outros metais.

A 450 metros sobre o nivel do mar, atopamos un alongado recinto, dunhas 2,5 h. e fortificado cun sistema de murallas de pedra. A extensión media para os aproximadamente 1000 castros galeses é de 2h. No interior había unha considerable abundancia de edificacións irregularmente repartidas pola campaa daquel adral.



Unha cabana circular e varias adxectivas

Causa admiración, popular e erudita, na Gran Bretaña o feito de que os seus parapetos exteriores conserven até mais de tres metros de

altura nalgúns tramos ou que as cabanas teñan inda case un metro de alto.

Hai unhas 150 delas, deseñadas segundo varios modelos diferentes. De planta circular, as máis antigas; rectangulares as do período medio e alongadas as derradeiras. Os diámetros destas construcións varían entre os 3 e os 8 m. Estímase que chegou a acoller unhas 400 persoas no período romano-británico.



Planta de Tre'r Ceiri vista pola SAGA

No disforme recinto inda están operativas as tres portas que tiña orixinalmente. Unha principal cara o noroeste, outra cara o suroeste, pola que entrou a SAGA, e outra cara o norte.

Resulta interesante atravesar algunha destas portas a xeito de túnel, que inda conserva as lumieiras que terman das antigas pedras da muralla. Comparten os castros galeses e británicos en xeral, outra característica "galaica": as súas pedras tamén teñen sido levadas, a carros, para facer con elas os pobos e vilas que hoxe existen.





Explicáronnos que "Tre'r Ceiri" significa, na lingua galesa, a cidade dos fortes, inda que de xeito máis habitual tradúcese ó inglés como "cidade dos xigantes" seica por un erro que ben de antigo. Este castro está



tamén dentro da tradición artúrica, e así igualmente explicáronnos a lenda local segundo a cal este lugar tería sido o lar do xefe galés Vortigern, (Gwtheyrn na lingua propia do país).

Este, co gallo de aproveitar as posibilidades militares que a presenza dos Anglos, Xutos e Saxóns representaban no século V, aliouse con eles ou tería acordado que actuaran coma mercenarios



Enlaces de interese

<http://www.museumwales.ac.uk/en/2373/>

A versión de G.K. Chesterton sobre a historia de Inglaterra
<http://www.shu.edu/catholic-mission/upload/Pequena-Historia-de-Inglaterra.pdf>

Vortigern
<http://www.kingarthursknights.com/others/vortigern.asp>



contra os caudillos veciños, celtas coma el. Seica, pois un arribista feito que prefería, segun-

do a tradición popular, ficar torto se con iso os veciños ficaban cegos ou, mellor inda, mortos. Trata tamén deste tema Geoffrey de Monmouth na súa Historia dos Reis da Britania. Contan tamén que estaría soterrado, ou ben nas inmediacións do Tre'r Ceiri ou mesmo dentro do adral. Esta tumba sería na tradición local a "cama" bedd" de Vortigern.

O caso é que dentro desta cidade prehistórica, na sucinta croa que posue, atópase un lugar funerario moito máis antigo, dos primeiros séculos da idade do bronce. É o denominado Carnedd Tre'r Ceiri, un montículo de pedra con dúas fases de utilización. Na primeira realizou-

No noso blog pódese ve-lo video da nosa viaxe ó castro de Tre'r Ceiri. A meteoroloxía era adversa, as horas de luz escasas, o vento frío e a neve -ás veces ata a cintura- convertía o, xa de por si, duro ascenso nun penoso e esgotador viacrucis. Mais o que se agochaba nese curuto das célticas costas galesas ben valía o esforzo.

Visiten connosco o castro de Tre'r Ceiri, observen as súas estruturas, as súas casas, a súa fachendosa fasquía, seguro que lles terá un aire familiar e quizais acaben sentindo, coma nós, que se coaban ás agachadas na casa duns curmáns máis cercanos do que algúns nos queren facer ver.

VIDEO DA SAGA EN TRE'R CEIRI:

<http://youtu.be/Pfsh0hXkf7E>

<http://sociedadeantropoloxicagalega.wordpress.com/2013/11/10/viaxe-da-saga-a-cidade-dos-homes-fortes-os-ace-nos-galaicos-do-castro-gales-de-trer-ceiri/>



O ENIGMA DO CASTELO DE CERVEIRA



Neste breve artigo, xa publicado no noso blog, adiantamos algúns dos contidos que publicaremos con moita máis extensión no próximo número, o 4, do Anuario Fol de Veleno 2014 da SAGA.

En Galicia inda existen grandes preguntas sen respostas que den cabo delas. Atinxen, moitas veces, ó cerne dos acontecementos históricos que encetaron o camiño que ten levado á sociedade de presente até as coordenadas económicas, sociais, políticas e antropolóxicas en xeral, que hoxe ocupa.



O Nunatak do Castelo de Cerveira

Imos tentar explicar o por que da épica daquelas viaxes.

Aló temos rubido, pois, os integrantes da SAGA co albo de proporcionar algúns elementos para a

reflexión e que eventualmente, puideran aclarar algunhas das cuestións mais importantes ó respecto deste lugar.

É por iso que encher semellantes baleiros do coñecemento mediante a disposición dos recursos axeitados proporcionaría unha imaxe con millor resolución da actual situación e posición no mundo que ocupa, hoxe en día, Galicia. Existen inda nesta terra lugares que agochan respostas á altura das cuestións que prantexan. Unha das áreas especialmente interesantes no tocante a estes enigmas é o Macizo Central ourensán co seu dondo cumio, a Cabeza Grande de Manzaneda, exercendo de fito absoluto de todas as perspectivas.

Neste contexto de alta montaña un dos lugares elevados a unha categoría próxima á que atinxe ós mitos é o Castelo de Cerveira. Un curuto illado, no medio dunha alta serra. Hostil e bravo. Zorregado por tódolos ventos. Un dos pode que tres ou catro lugares iniciáticos ós que subían, subimos, os mais afoutos e bravos dos mozos destas serras.



Por que a primeira das cuestións é saber que é a construción que foi feita nese alto. Xa que tal extremo non fica nada claro, en absoluto.

Oficialmente, e tal como figura nun panel indicativo disposto no inicio da ruta que leva até aló, pode tratarse " ...dun castro, dunha construción defensiva romana ou ben ter unha orixe




Subida ó castelo de Cerveira pola súa aba este



se corresponde, a canta xente podía albergar e cal puido se-la súa funcionalidade é algo que tentaremos responder no artigo que publicaremos en Fol de Veleno.

medieval." Nalgunhas outras, moi poucas, publicacións ó respecto adoitan indicalos autores que, segundo a consellería de medio ambiente (Sic.), semellante estrutura é un forte romano.



O forte visto por Google earth

Para nós, a SAGA, a día de hoxe e a falla dun traballo de investigación arqueolóxica en profundidade, non podemos asegurar cal é a súa orixe histórica, mais si podemos intuír que a súa estrutura dificilmente pode ser identificada cun asentamento castrexo e co que realmente se corresponde o castelo de Cerveira é cunha gran fortificación construída nun cumio que acada preto dos 1550 msnm. na Serra de Queixa, Ourense. As súas coordenadas son 42°11'52.95'' N / 7°18'32.78''O. A que tipo de fortificación

Mais describamos agora este magno recinto fortificado.

O castelo de Cerveira abrangue uns 10500m² de superficie total. Ten un perímetro duns 430 m e foi provisto de 250 m lineais de murallas, principalmente nas orientacións Sur (un tramo de 100 m e outro de 50 cunha porta ou abertura entre elas) e Oeste (no que aprecia unha pequena abertura que puidera ser un derrube). Tamén conta cun menos extenso, 30 m cara o Noroeste. Estas medidas foron tomadas da ferramenta ad hoc do Google Earth.

Entre os recunchos NO e SE pódese trazar unha liña diagonal ideal duns 150m. Entre os SO e o NE outra da mesma mensura que converxerían na zona central do recinto, nas proximidades da súa máxima cota. Da superficie

total, o 76% é rochedo, espido e alto, cara o Norte e o Este.

O 24% ten aptitudes habitacionais, herboso e chaira, cara ó Oeste e ó Sur. O



rochedo son penedías de xisto nas que atopamos diques de seixo. No espazo con forma de "L" que fica configurado deste xeito obsérvanse en superficie varias cabanas feitas ca mesma pedra deste monte. Con grande probabilidade a extraída do mesmo cumio.





As cabanas teñen un eixe maior moito mais longo que o menor, duns 20 x 4 m e están orientadas tanto ó Norte coma cara ó Oeste. Os seus muros acadan os 0,6m. Case que todas, o 80%, ocupan a parte cara o poñente inda que esta é mais estreita que a parte cara o Sur.



A cabana do Sr. Baltasar. Frontal


Sr. Baltasar de Pedralbar- que fica nas proximidades da aba sur deste monte.

Nela vémo-los mesmos materiais de construción, pedra e madeira da zona inmediata, e o mesmo xeito construtivo sobre un

idéntico esquema ou modelo de traballo.



Sobre a muralla Oeste. Cabana



*Debuxo de campo da SAGA.
As cabanas do cumio*

Nesta grande "aira" do mediodía atopamos dúas cabanas en bo estado, coma as outras. A maioría das do recinto, están apegadas contra as murallas. As dúas do Sur están próximas á abertura do valo perimetral, mesmo a carón unha delas e algo mais afastada a outra. Ámbas dúas totalmente achegadas á muralla.

Logo de facer a escalada do teso do Castelo de Cerveira, percorrer o curuto observando e documentando as edificacións que aló se atopan, dirixímonos cara o oeste na procura dun camiño de acceso "regular".

Non o atopamos, xa que non o hai, mais demos con outros interesantes achados entre os que destacan as escouras metálicas

Non sabemos se as cabanas do cumio eran exactamente coma estas, mais sen dúbida eran enormemente semellantes. Podemos tomar como hipótese, xa que logo, a continuidade arquitectónica, a adopción dun modelo eficiente ou o paralelismo inducido polas características do medio. En calquera caso un senlleiro elemento da nosa equipaxe cultural galega, coma outros que tamén exporemos no noso traballo ó respecto.



Coidamos tamén que cómpre entenderlo que significa rubir ó curuto no que se atopa este solitario lugar. A opción máis común, que non a única, é a


e, sobre todo, a cabana en perfecto estado de conservación —grazas ó bó facer do seu dono, o

que consiste en acadar o val do río Conso polo leste do Macizo Central. Compre despois subir



Tal como deberon ser as cabanas orixinais. Velaquí a do Sr. Baltasar, co que falamos na baixada

até o pobo de Pedralbar, así chamado na fala local, ou Pradoalbar segundo a denominación oficial, temos unha marcha de aproximación de preto de catro Km. Dende este inicio ascéndese dende unha cota de 1100 msnm. que é a que pasa polo medio da parte baixa do pobo, até unha cota de 1224 msnm. na que comeza a subida final.



Esquema da cabana do Sr. Baltasar

Dende este lugar, na xunta dos regatos Cerveira e Berganzo, no pé mesmo do teso, a rampa que leva até o cumio salva, segundo o mapa topográfico escala 1/50000 do exército, 16 curvas de nivel con 20 m de intervalo entre elas. Segundo as medidas tomadas sobre o plano e tendo en conta a escala indicada, na que cada km equivale no mapa a dous cm., a distancia percorrida dende este punto até o cimo é de apenas 400 m lineais correspondentes á proxección en planta do perfil desta aba do monte. A lonxitude a percorrer pola pendente chegaría a uns 512 m e o desnivel superado sería de 320m. Isto quere dicir que en 400 m de distancia habermos de ascender 320 m. a porcentaxe de subida é pois de 80



que compre pasar. Si, estamos a dicir que, ademais, a subida faise "monte a través". Bloques soltos procedentes de mais arriba batuxan o chan. Entre eles pode haber buratos ocultos onde meter o pe ou a perna. E cando dicimos ascenso, pode que fose millor dicir escalada. Efectivamente, constatamos que ningún camiño, nin vello nin novo, leva cara o cume. Nunca o houbo.



cm cada metro. Unha pendente pois do 80% (lembramos que unha pendente do 100% representa "solo" un ángulo de 45°).

É dicir, entendemos que esta ascensión o curuto do Castelo de Cerveira é dura ou moi dura, dada a taxa de incremento de altitude. Haberase de ter en conta ademais que esta pendente é xeograficamente, cóncava. Significa isto que non é constante no seu perfil xa que uns tramos son algo mais pinos que outros sendo algúns tecnicamente subverticais e todos eles "abruptos".

O tipo de terreo do ascenso tam pouco axuda. Carpazas, carqueixas, uces e fentos compoñen a vexetación mais aparente sobre a

A vida naquel curuto debeu ser apenas supervivencia, polo exiguo e desolado do hábitat destas highlands galegas.




Intensas tradicións de canibalismo e licantropía arrodean este teso glaciar, como a que narra o triste fado daquela pequena devorada polos "mouros" habitantes deste "castelo", e que puidemos documentar nos pobos.

Unha interesante denominación: Cerveira, que ben puidera facer referencia a un sistema defensivo e militar no que reparamos cando investigabamos este asunto. Trátase dos *Cervoli* ou *Cervuli*, defensas semellantes ós galleiros dos cervos e que citan diversos autores latinos.



Galleiro dun cervo. Os Cervoli eran árbores tronzadas e deitadas, cas gallas aguzadas e dispostas sobre un valo ou no terreo cara o inimigo. Unha solución de emerxencia



Evidentemente, quen tomou a decisión de mandar facer o forte do CV debeu ter unha moi boa razón para semellante decisión xa que, se examinamos as condicións de habitación do tal curuto, observamos que o lugar é precario, exposto sobremaneira ós elementos, entre os que cómpre incluír as frecuentes treboadas, os fortes ventos e as grandes nevaradas¹. Tanto na boa estación como na mala, é mal lugar para

verse obrigado a pasar moitos ou cando menos, varios días seguidos, único contexto realista que xustificaría o esforzo construtivo desta fortaleza. Así pois dispoñémonos a analizar varias posibilidades que poideran axudar a descubrir quen o construíu e por que o fixo.

De todo isto trataremos nun artigo do novo nº de Fol de Veleno.

En fin, acompañennos, se así lles parece, nos vindeiros días, nesta viaxe que en certo sentido foi tamén para

nós unha viaxe, ó estilo maxistral de J. Conrad, cara o corazón das tebras.

No blog da SAGA pódese visionar o vídeo: **"O Castelo de Cerveira, viaxe na procura dunha fortaleza esquecida"**.

VIDEO 1º PARTE:

<http://sociedadeantropoloxicagalega.wordpress.com/2013/10/30/subida-o-castelo-de-cerveira-na-procura-dunha-fortaleza-esquecida-2o-parte/>

VIDEO 2ª PARTE:

<http://sociedadeantropoloxicagalega.wordpress.com/2013/10/30/subida-o-castelo-de-cerveira-na-procura-dunha-fortaleza-esquecida-2o-parte/>

¹ O "Licenciado Molina" na súa descrición do reino de Galicia, refírese no Sec. XV á Serra de San Mamede, nas proximidades rumbo oeste. Esta serra é uns cen metros máis alta que o CV e uns cen metros tamén máis baixa que moitos dos cumios máis próximos ó CV. O autor di dela que é unha das serras máis altas e bravas do reino de Galicia. Na meirande parte do ano háchase neve nela.



DESCUBRIMENTO DUNHA POSSIBLE PARAFITA E UN PETRÓGLIFO

O enxeñeiro, investigador e colaborador da SAGA Rafa Castro, ven de realizar un gran achado nas inmediacións da zona denominada O Pozo do Demo, en Verín, Ourense.

Durante un percorrido polo camiño dende Cabreiroá á Veiga das Meás, recentemente posto de novo en servizo mediante a roza da vexetación que o atuía, Castro decatouse dun curioso patrón na medra do brión sobre un grande bloque de granito de boa calidade que ficaba deitado na beira desta antiga vía de comunicación.

O enorme perpiaño posuía un conxunto de coviñas dispostas nunha orde estruturada, un petróglifo que ocupa parte da superficie da pedra. Esta área ocupada polas concavidades podería ser o terzo distal desta peza arqueolóxica se a entendemos como o que semella ser: unha extraordinaria parafita que debeu estar nas proximidades deste vello camiño e que nalgún intre foi abatida ou caeu para logo ser afastada cara o lugar no que hoxe aparece deitada.

No que debeu ser a parte soterrada orixinal apréciase un curioso rebaixe que ben podería ser unha adaptación feita para a súa incorporación a un valado de pedra, tal e como adoita ser habitual en

Galicia para moitas laxes con petróglifos. De feito o mesmo rebaixe inda pode ser apreciado noutros grandes bloques integrados noutros puntos moi próximos deste mesmo camiño. A talla da base destas pedras ten como misión afirma-las contra o bloque veciño de xeito que faga corpo co conxunto do muro.

Ademais esta posible parafita está rodeada dun gran número doutros petróglifos de coviñas localizados nun radio de poucas ducias ou centos de metros como máximo.

Poucos metros máis abaixo aparece outro bloque localizado tamén polo compañeiro Castro e que contén parte dun fermoso petróglifo de círculos concéntricos.


Lamentablemente, esta peza que debía levar moito tempo soterrada, semella ter sido escachada pola maquinaria pesada durante os traballos de acondicionamento do camiño como ruta pedestre. Acontecementos coma este evidencian a necesidade de boas prospeccións previas ás obras



Os compañeiros Castro e Reigada confirmando o achado



A posible nova parafita no seu emprazamento actual



Debuxo de Rafa Castro



Outra grande pedra asentada co mesmo rebaixe nun tramo conservado do mesmo muro

deste tipo, xa que do contrario os valiosos elementos que farían máis atractiva e importante a ruta poder ser danados sen remedio.



Outro petróglifo na beira do mesmo camiño



O CASTRO DO POZO DO DEMO

Nas inmediacións e con enorme probabilidade relacionado con esta posible parafita con petróglifo, está o denominado "Castro do Pozo do Demo", un lugar aproveitado como recinto fortificado dende unha antigüidade que cumpriría determinar e cuxas funcións son polo de agora descoñecidas.

Sobre un espigón granítico rematado polas forzas da natureza ó xeito de proa de barco, atópanse numerosos e evidentes restos de fortificación, con varias portas sucesivas das que fican os rebaixes para os marcos e buratos para eixos de madeira. Tamén aparecen grandes cantidades de cerámica antiga.

Todo este entorno podería estar dando contra da existencia dun espazo ritual dalgunha clase. Un recinto sacro empoleirado nun outeiro inaccesible preto dun asentamento situado nunha cota inferior. Non moi lonxe, a uns centos de metros, está a enigmática "Igrexiña dos mouros" da que falaremos noutra ocasión.



As chamadas Portas do Castro, constitúen o único xeito de acceso posible



Burato entallas e rebaixes preto da entrada ó antigo recinto

NOVOS ACHÁDEGOS DO COMPAÑEIRO J. GAVILANES PETRÓGLIFOS INÉDITOS NO CONCELLO DE XUNQUEIRA DE AMBÍA

PETRÓGLIFO AREÁS I (INÉDITO)

Coordenadas:

42.237759969213215,-7.7522143721580505

Situación:

<http://goo.gl/maps/m4upv>



DESCRICIÓN:

Pola estrada cara o pobo de Areás, xa próximos á vila tomamos un desvío cara á dereita que nos leva a escombreira do túnel de Merí. A poucos metros por

este camiño e a mau esquerda localizamos un grupo de dúas penedas de tamaño medio.



Na superficie superior dunha de elas, podemos ver unhas dúas dúcias de coviñas de tamaño medio ou pequeno, sendo as maiores de un diámetro próximo a 6cm e as pequenas de 3cm.

Na zona próxima, onde se depositou o escombros sacado do túnel, posiblemente existira algunha gravura, xa que estaba ocupada por un gran penedo e laxes, que pola súa situación e orientación así o fan pensar.

Petróglifo Areás I

TIPO DE BEN:	Petróglifo
LUGAR:	Areás
PARROQUIA:	Armariz (San Salvador)
CONCELLO:	Xunqueira de Ambía
CRONOLOXÍA:	Por determinar
COORDENADAS:	42.237759969213215
	-7.752214372158050
DATA ACHADO:	05-10-2013
DESCUBRIDOR:	J.A.Gavilanes

PETRÓGLIFO MONTE GÁNDARA (INÉDITO)

Coordenadas:

42.23069805170422,-7.752962708473206

Situación:

<http://goo.gl/maps/WWMfj>



DESCRICIÓN:

Perto do cruce de San Andrés e Merí, collendo o desvío que nos leva cara a Armariz e Os Casares, e a poucos metros do comezo, xusto diante dunha nave de bloque, vemos unha lameira chea de laxas.

Arrimada cara o muro de bloques temos unha peneda de pouca altura pero de varios metros de lonxitude.

Pola súa superficie, que está chea de brión, pódense ver varios grupos de cazoletas de tamaño medio (uns 4cm de diámetro), estes grupos están formados polo menos por tres coviñas cada un, aínda que tamén se pode localizar algunha espallada.

Petróglifo Monte Gándara

TIPO DE BEN:	Petróglifo
LUGAR:	Monte Gándara
PARROQUIA:	Armariz (San Salvador)
CONCELLO:	Xunqueira de Ambía
CRONOLOXÍA:	Por determinar
COORDENADAS:	42.23069805170422
	-7.752962708473206
DATA ACHADO:	05-10-2013
DESCUBRIDOR:	J.A.Gavilanes

E de supoñer que realizando unha limpeza sobre a peneda se localicen máis, por estar ocultas polo moito brión existente na superficie.



PETRÓGLIFO CASTRO DA ACEA - I (INÉDITO)

Coordenadas:

42.213254351517456,-7.723439633846283

Situación:

<http://goo.gl/maps/IoM88>



DESCRICIÓN:

Próximo ao Castro da Acea e posiblemente por onde puido ser a súa entrada, situase esta peneda na que podemos contemplar un sinxelo petróglifo, composto por unhas pequenas cazoletas na súa parte superior.

Estas cazoletas, unha media ducia, aparecen moi erosionadas, polo que apenas se aprecian, están repartidas uniformemente pola superficie superior da rocha.

Son dun tamaño pequeno, uns 3cm de diámetro.

Petróglifo Castro da Acea - I	
TIPO DE BEN:	Petróglifo
LUGAR:	Os Castros
PARROQUIA:	Xunqueira de Ambía (Santa María a Real)
CONCELLO:	Xunqueira de Ambía
CRONOLOXÍA:	Por determinar
COORDENADAS:	42.213254351517456
	-7.723439633846283
DATA ACHADO:	06-12-2013
DESCUBRIDOR:	J.A.Gavilanes

PETRÓGLIFO CASTRO DA ACEA - II (INÉDITO)

Coordenadas:

42.21453369345476,-7.72375613451004

Situación:

<http://goo.gl/maps/66Lbq>



DESCRICIÓN:

Na parte máis alta da croa do Castro da Acea situase unha peneda sobre a que se poden ver estas gravuras compostas por cazoletas de distintos tamaños.

Os diámetros das pías varían entre os 7 e os 3cm. Sitúase a de maior tamaño na zona central, e as demais espalladas pola superficie superior da pedra, aparentemente sen ningún orden.

Petróglifo Castro da Acea - II	
TIPO DE BEN:	Petróglifo
LUGAR:	Os Castros
PARROQUIA:	Xunqueira de Ambía (Santa María a Real)
CONCELLO:	Xunqueira de Ambía
CRONOLOXÍA:	Por determinar
COORDENADAS:	42.21453369345476
	-7.72375613451004
DATA ACHADO:	06-12-2013
DESCUBRIDOR:	J.A.Gavilanes



PETRÓGLIFO CASTRO DA ACEA - III (INÉDITO)

Coordenadas:

42.2140132189612,-7.722956836223602

Situación:

<http://goo.gl/maps/0PgNh>

DESCRICIÓN:

Na caída sur do Castro da Acea, en zona de terra-plén, sobre rochas orientadas cara o sol vemos este petróglifo composto por unhas vinte cazoletas de pequeno tamaño, entre 3 e 4 cm de diámetro.

Sitúanse en dúas zonas do penedo sen ningunha orientación aparente, repartidas homoxeneamente pola superficie.

Este tipo de representación sobre a superficie chea de liques é moi difícil de ver nas fotos, polo que para que se puideran intuír colocouse un pouco de terra sobre cada pía.

Petróglifo Castro da Acea - I	
TIPO DE BEN:	Petróglifo
LUGAR:	Os Castros
PARROQUIA:	Xunqueira de Ambía (Santa María a Real)
CONCELLO:	Xunqueira de Ambía
CRONOLOXÍA:	Por determinar
COORDENADAS:	42.2140132189612
	-7.722956836223602
DATA ACHADO:	06-12-2013
DESCUBRIDOR:	J.A.Gavilanes

Novas

DOCUMENTARIO “O PALLEIRO DE HERBA”

Xa saíu á luz o documental “O PALLEIRO DE HERBA”, segundo da triloxía das CONSTRUCIÓNS VEXETAIS EFÉMERAS DO VAL DO RÍO TOMEZA (GAFOS) promovida pola asociación medioambiental **Vaipolorío** de Pontevedra.

SINOPSE: Móstrase o proceso de construción dun palleiro de herba. A construción do palleiro precisa de varias persoas, coñecemento, xeito e, sobre todo, tempo para facelo.

FICHA ARTÍSTICA:

REALIZACIÓN: João Bieites,

PRODUCCIÓN: Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA) en colaboración coa asociación Vaipolorío

**FICHA TÉCNICA:**

PRODUCTORA: Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA) en colaboración coa asociación Vaipolorío

TÍTULO ORIXINAL: "O palleiro de herba"

TIPO: Documental

XÉNERO: Etnográfico

Producción propia realizada a cor

ANO: 2013

DURACIÓN: 20 minutos aprox.

ORIXE: Galiza

IDIOMA V. O.: Galego



PUBLICAMOS "ALICORNIO. O PODER DO CORNO DE UNICORNIO NA MEDICINA TRADICIONAL GALEGA"

A SAGA ven de publicar o libro *"Alicornio. O poder do corno de unicornio na medicina tradicional galega"*. O novo traballo do antropólogo e compañeiro Rafael Quintía. A obra recolle o traballo de oito anos de investigación ao redor do alicornio, un dos obxectos de poder e amuleto sandador máis versátiles e interesantes da medicina popular galega.

O unicornio é, posiblemente, un dos animais míticos máis universais. Ó seu corno —o alicornio— atribúenselle dende a máis remota antigüidade propiedades sandadoras contra tódolos velenos e moitos máis prodixios. En Galicia, a crenza nos poderes curativos do alicornio callou fondo converténdose a máxica hasta no amuleto por excelencia para cura-lo mal de pezoña e outras doenzas da pel. Neste traballo etnográfico o autor fai un extenso percorrido polo mundo do alicornio e as súas virtudes e ofrécenos unha viaxe na procura dalgúns dos poderosos alicornios que aínda están activos na nosa terra.



DATOS TÉCNICOS:

Autor: Rafael Quintía Pereira

Editorial: Sociedade Antropolóxica Galega

Impresión: Branco e negro

Tamaño: 20.5×15

370 páxinas

Ano: 2013

I.S.B.N.: 978- 84-616-5814-5

Se están interesados en adquirir este traballo poden facelo a través do noso blog pódose en contacto co email da SAGA: infosaga@antropoloxiagalega.org.

O LIBRO "ALICORNIO" NO SUPLEMENTO "REVISTA" DO DIARIO DE PONTEVEDRA



Reseña publicada o pasado domingo 10/11/2013 na sección "Anaquel dos Libros" do suplemento **Revista** do **Diario de Pontevedra**.





O LIBRO "ALICORNIO" NA SECCIÓN DE CULTURA DE LA VOZ DE GALICIA

Publicado o 26 de outubro de 2013. Sección *Cultura* de *La Voz de Galicia*

ENTREVISTA NO FARO DE VIGO CO GALLO DA PUBLICACIÓN DO LIBRO "ALICORNIO"

FARO DE VIGO
VIERNES, 25 DE OCTUBRE DE 2013

RAFAEL QUINTÍA ■ Antropológo

"En muchas parroquias se siguen utilizando alicornios"

El experto presenta hoy un libro sobre estos antiguos objetos de poder

S. REGUEIRA ■ Pontevedra

La galería Sargadelos acogerá hoy a partir de las 20 horas el acto de presentación de "Alicornio. O poder do corno de unicornio na medicina tradicional gallega", un libro en el que el antropólogo pontevedrés Rafael Quintía analiza este impresionante fenómeno de la mitología, al que ha dedicado ocho años de investigaciones en toda Galicia.

—¿Qué es el alicornio?
—El alicornio etimológicamente significa el cuerno de unicornio, es el objetivo de poder más fabuloso de la tradición gallega.

—¿Qué propiedades se le atribuyen?
—Al cuerno de unicornio se le atribuye desde la antigüedad, desde el siglo V antes de Cristo, propiedades como antídoto para todos los venenos, de modo que durante toda la Edad Media e incluso hasta el siglo XVIII formó parte de la farmacopea europea, hasta que el Colegio de Farmacéuticos de Londres decidió en el siglo XVIII que no tenía propiedades pero incluso en España se siguió usando en el siglo XIX y casi hasta llegar al XX, aparecía frecuentemente dentro de las fórmulas de la farmacopea tradicional.

—¿Se conservan alicornios en Galicia?
—Sí, la creencia en los poderes del alicornio llegó a Galicia, se extendió y se popularizó, se democratizaron los alicornios por así decirlo, porque el alicornio era un recurso de las elites europeas, del clero, reyes, nobles..., pero aquí en Galicia se adaptó al pueblo y se acabó convirtiendo en uno de los recursos más utilizados por la gente en las aldeas.

—¿De qué hacían los alicornios?
—Como aquí no había cuernos de unicornio (sonríe) porque es un ser mítico y tampoco los cuernos que supuestamente se atribuían a este animal, que eran los dientes de narval o de rinoceronte que eran lo que se comercializaba por Europa en Galicia la gente echó mano de lo que tenía, desde animal mítico na medicina popular gallega: «isto algún non sabemos, non sei de onde veu», explica Quintía, que aclara que o corno se empregaba para tratar dolencias da pel ou da circulación: «usábanse polo dorso, en arxas ou alxendas, con gentes medicadas ou se usaba en arxas para nel converter a «en curativos». Tamén podía empregarse como amuleto contra o mal de oído ou paraoular a galea milfema. Desbotada a posibilidade de que Galicia contase cunha reserva secreta de alicornios, os cuernos que se empregaban substituían por de cervos, vacas ou outros do mundo. «As fisioisomías eran moi diferentes, desde cervos de castro ao termo, como o do unha casa, a outros máis cotíes. Posúen que con máis magistral en máis efectivos, mesmo o suco».

—Precisamente en canto á efectividade, Quintía disculpa en medicina e funcións, funcións, funcións, porque cumpren cunha función, e alíse a realidade á súa. Logo, de novo, cunha. Alíse a realidade da pel sobre unha serie de fenómenos, e o corno pode desfogar ese efecto que causa a dor. É un tipo de cura, é un tipo de cura que igual non era o mesmo a nivel de cura, pero era un particular, de cura a cura do libro, que cura a cura do especialista en literatura oral Antonio Bicho. Quintía podía parecer algo de pouco, pero Quintía sabe alíse a realidade onde traballo en un tipo de cura que leva a curar a cura da realidade.

El antropólogo Rafael Quintía con el libro que hoy presenta. // R.V.

FICHA PERSONAL

■ Rafael Quintía es licenciado en Antropología Social y Cultural y en Ciencias Empresariales. Es escritor y músico tradicional (fue uno de los fundadores del grupo Os Chichisos), promovió el Grupo de Estudios Etnográficos Serpe Bichoca y preside actualmente la Sociedade Antropolóxica Galega.

cuernos de ciervo, de corzo, colmillos de jabali, de ciervo volante, dientes de lobo, cuernos de vaca incluso, todo los cuernos y formas semejantes que podían encontrar en los animales de la zona fueron transformados en estos alicornios y se usaron para curar dolencias de la piel, sobre todo las llamadas ponzofías, que son dolencias que se cree que las producen animales venenosos; también los empleaban para picaduras, mordeduras, e incluso para otra serie de dolencias como psoriasis, cándidas, para encantamientos, incluso para espantar a las brujas y al mal de ojo.

—¿Se conservan estos objetos de poder?
—Sí, muchos, he encontrado que aún existen en nuestras parroquias un montón de alicornios, que a veces se les llama licornios, licorno, cornos, entre otros nombres, y no solo existen en muchas parroquias los alicornios sino que están activos, se siguen utilizando, la gente los sigue utilizando para ese tipo de dolencias.

—Lo más asombroso es que son eficaces, ¿investigamos poco el llamado efecto placebo?
—Muy poco, es algo que está muy poco investigado, yo no he hecho un análisis porque a mí me interesaba la visión antropológica de la eficacia médica, pero el caso es que cumplen una función, si no no se seguirían usando durante tantos siglos e incluso hoy en día, y aparte sabemos que muchas dolencias de la piel se relacionan con problemas somáticos, emocionales, caso de la psoriasis, herpes, muchos tipos de dolencias de este tipo están vinculadas al aspecto psicológico. La gente al confiar en este tipo de objetos, porque la medicina tradicional da ese plus de seguridad, explica de dónde viene el mal y reconforta, la gente cree y el caso es que se cura o por lo menos muchas veces se cura y cuando se cura se refuerza la creencia en que el objeto funciona. Y cuando no te cura se tiende a pensar que no era la dolencia para la que valía el amuleto.



DESEÑAMOS O "ROTEIRO DAS MOURAS"

O sábado 12 de outubro celebrouse a primeira edición do "Roteiro das Mouras". Un roteiro que pretende dar a coñecer parte do rico patrimonio material da parroquia pontevedresa de San Martiño de Salcedo e, sobre todo, pór en valor e dignifica-la nosa tradición oral, neste caso a que xira en torno ás lendas das mouras. O éxito da convocatoria foi total, o que nos anima a seguir

cura das mouras e estamos traballando xa en novos proxectos nesta liña de revalorización e descuberta da nosa historia, do noso patrimonio e da nosa literatura oral: a verdadeira literatura -aínda que esquecida- deste pobo noso.

O noso agradecemento á Comunidade de Montes de Salcedo e á asociación Heroes do Campo da Porta pola súa colaboración neste proxecto e pola súa sensibilidade na defensa do noso patrimonio. Grazas tamén ó concello de Pontevedra e ó concelleiro Luis Bará por incluír este roteiro dentro do programa de Roteiros Temáticos do Patrimonio Rural e polo seu apoio ós proxectos de recuperación do patrimonio que estamos levando a cabo nesta parroquia de Pontevedra.

Non baixémola garda, aínda hai moito que facer e moito treito que andar. Ánimo e grazas a tódolos colectivos e particulares do país que traballades a reo nesta liña a prol da nosa cultura e do noso patrimonio natural, material ou inmortal, e non

esquezaades nunca que toda grande viaxe comeza cun primeiro paso. Avante a toda!!



Diario de Pontevedra



Faro de Vigo

traballando nesta dirección e nos confirma que cada vez é máis a xente interesada no coñecemento, na defensa e a protección do noso maior tesouro como pobo: o noso patrimonio inmortal e material. Son cada vez máis, afirmo, pero aínda non son suficientes para inverte-lo proceso destrutor e desintegrador do noso legado herdado como pobo no que nos vemos inmersos. Cómpre, pois, seguir traballando.

O roteiro foi deseñado e guiado polo antropólogo da SAGA Rafael Quintía. Volveremos na pro-



Faro de Vigo



Contando a lenda da moura do Monte das Croas



PONTEVEDRA

«Na procura das moursas» por el Monte das Croas de Salcedo

Los Muñíos do Batán fue la segunda parada del roteiroiro

E. LARROJA

Pontevedra / La Voz 13 de outubro de 2013 05:00

0 votos



Medio centenar de persoas participaron en el roteiroiro por la parroquia de Salcedo. JACOBO CARTELLLO



Los participantes recorrieron seis kilómetros por el monte

SABER MÁS...

Criaturas encantadas que se convierten en serpiente y que esconden mágicos tesoros bajo las piedras. El primer roteiroiro temático por el rural pontevedrés giró ayer en torno a las muchas leyendas de moursas que posee la parroquia de Salcedo. Una de ellas es la del Monte das Croas, recogida por José Casal y Lois alá por el año 1866 y que sería publicada y popularizada después por Leandro Carré Alvarellos. Se dice que esta mouroa habita en un pazo enterrado bajo el castro y en su encantada morada guarda grandes alhajas.

Este Castro das Croas fue el punto de partida de los 6 kilómetros que recorrieron los participantes en este roteiroiro organizado por la concejalía de Patrimonio, que tuvo como guía a Rafael Quintia, miembro de la Sociedade Antropolóxica Galega. Desde allí se dirigieron a los Muñíos do Batán, un conjunto considerado como un magnífico ejemplo de la tecnología preindustrial y de gran interés etnográfico. En este lugar, según la leyenda, se esconde también un fabuloso tesoro encantado.

Siguiendo el curso del río Batán, los caminantes llegaron hasta una pista de tierra que discurre cerca de la autopista

AP-9 y una pequena subida les condujo hasta el núcleo de A Esculca, donde visitaron los petroglifos de Mato das Cruces. Aquí de nuevo, les cuentan que esta mágica roca rupestre estaba habitada por hermosas moursas que tenían por costumbre poner a clarear sus ropas sobre estas piedras labradas.

Desde A Esculca, el grupo tenía la doble opción de dirigirse al lugar de Birrete y volver al Monte das Croas, donde remataría el recorrido, o seguir hasta el núcleo de Armada y tomar una pista que, circundando el recinto de la Briat, les llevaría al regato dos Buratos o Outeiro da Mina, en el monte comunal de San Martiño, también con sus leyendas.

El roteiroiro continuó bajando por un camino vecinal, recorriendo las márgenes del río Cubela, llamado también Outeiro o Batán para reencontrarse otra vez con los molinos a los pies del mítico Castro das Croas, dando así por finalizada esta original caminata «na procura das moursas» de la parroquia de Salcedo.

Natureza nos Camiños

Si alguien no tuvo ayer la oportunidad de disfrutar de esta ruta por Salcedo, todavía puede apuntarse hoy a otra caminata de ocho kilómetros por esta parroquia, con una dificultad media alta. Esta forma parte del programa Natureza nos Camiños, que promueve la concejalía de Parques e Xardíns.

Lo que propone es conocer el Salcedo de Castelao, visitando la capilla de San Blas, Matalobos, O Penedo, los petroglifos de Mato das Cruces y Vilar de Matos, para bajar después a la Misión Biológica, Codesal, río dos Gafos y Ponte do Couto.



O ROTEIRO DAS MOURAS

Lendas, etnografía, arqueoloxía e natureza nun roteiro máxico pola cultura e as terras de San Martiño de Salcedo

O roteiro das Mouras é un percorrido cultural que pretende unir e pór en valor parte do rico patrimonio etnográfico, arqueolóxico e inmaterial da parroquia de San Martiño de Salcedo. Esta rota, que xira en torno ás moitas lendas de moursas que posúe esta parroquia pontevedresa, parte do Monte das Croas, antigo castro protagonista da famosa lenda da mouroa do monte das Croas, recollida por José Casal y Lois alá polo 1866 e que sería publicada e popularizada na obra de Leandro Carré Alvarellos



"Las leyendas tradicionales gallegas". A mouroa das Croas habita nun pazo soterrado baixo o castro e na súa encantada morada garda grandes tesouros e alfaías.

Tras a visita ao castro, emprendemos a nosa andaina visitando os muñíos do Batán, un conxunto de muñíos -magnífico exemplo da tecnoloxía preindustrial- de grande interese etnográfico ancorados no fermoso treito do río Batán, ou Outeiro, que discorre entre a AP9 e a ponte do



Batán, baixo a cal, segundo a lenda, se agocha tamén un fabuloso tesouro encantado.



carón da AP9 e que, tras un treito de subida, nos conducirá ata o barrio da Esculca, onde poderemos visitar os petróglifos de Mato das Cruces (+42° 23' 35.43?, -8° 38' 40.74?). Esta máxica peneda rupestre está habitada por fermosas mouras que, á parte de iren ao fiadeiro a bailar, tamén tiñan por costu-

me pór a clareo as súas roupas sobre esta laxe gravada.



Dende a Esculca podemos dirixirnos cara ao lugar de Birrete e volver ao monte das Croas,

onde remataríamos o percorrido, ou optar por un percorrido máis amplo encarreirando os nosos pasos cara ao barrio da Armada.

*Monte das Croas,
Ponte do Batán,
Fonte de clara auga fría
Monte de Samariné,
Tiran co ouro as ovellas
E non saben ó que é.*



Xa na Armada tomaremos a pista que, circundando o recinto da Brilat, conduce ao Outeiro das Mouras ou Chan das Mouras.

(+42° 23' 23.13?, -8° 39' 54.68?). Neste lugar do monte comunal de San Martiño podemos visitar os valiosos petróglifos do complexo rupestre de Regato dos Buratos ou Outeiro da Mina, e que tan fermosas lendas atesoura.

Os muíños do Batán son un conxunto formado por catro muíños de rodicio horizontal, tres deles de planta rectangular e teito a unha auga, e un máis grande, dotado de vivenda, cunha interesante canle de condución de auga rematada nun cubo e provisto de dous infernos.

Vamos deixando os muíños atrás mentres percorremos o frondoso tramo de río ata chegar á autoestrada, onde tomaremos unha pista de terra que discorre a



Mouras encantadas que se converten en serpe, mouras que encerran tesouros baixo as penedas, máxicas laxes ocas e indestrutibles... todas se dan cita neste lugar.





O roteiro continua baixando polo camiño veciñal que cruza o antigo campamento urbano da Brilat, cruzando o lugar do Navalexo ata a Armada e percorrendo as marxes do río Cubela, chamado tamén Outeiro ou Batán,

No lugar do Outeiro podemos gozar doutra importante mostra de muíños de grande valor etnográfico e que foron restaurados entre os anos 2012-2013 polos veciños de Salcedo. Seguindo a beira do río, adobiada con cinco muíños, chegamos de novo á mítica ponte do Batán.

E aquí, aos pés do non menos mítico castro do Monte das Croas, damos por finalizada a nosa



andaina na procura das mouras que aínda habitan nas lendas e nas xeografías da parroquia de San Martiño de Salcedo.

DATOS TÉCNICOS:

Punto de partida: Monte das Croas


+42° 23' 46.69?, -8° 39' 4.34?

42.396302, -8.651205

Dificultade: baixa

Distancia: 2-4 km segundo o percorrido

Tempo estimado: de 1 a 3 horas, segundo a rota



Mapa: João Bieites

Debuxo da moura:
Francisco Sutil

Fotos e textos:
Rafael Quintía



A SAGA E O ROTEIRO DA LAMA DA SACEDA

O Concello de Cualedro, Ourense, está a desenvolver unha iniciativa de grande importancia cara á normalización da relación entre a sociedade e o medio natural e o patrimonio cultural.


Neste concello de montaña, nas beiras do Larouco, sitúase o formidable Castro da Saceda e ós seus pés a "Lama da Saceda".

Trátase dunha laga, ou área asulagadiza rodeada por un gran muro de pedra construído polas xentes deste planalto nalgún tempo remoto e indeterminado. Xuntos, laga e castro constitúen unha unidade paisaxística de primeira calidade para a nosa cultura.

A intervención arqueolóxica no castro, baixo a dirección de Alberte Reboreda, e co gallo de poñer ó día os coñecementos ó respecto, complétese co deseño dunha ruta arredor do biotopo da lagoa. Así, o Concello de Cualedro dá varios pasos cara adiante na protección destes bens naturais e culturais pola vía da mellora e ampliación do seu estatus de publicidade e notoriedade.



Castro da Saceda. Foto SAGA 2013



Monte Larouco e aba do Castro e Lama da Saceda

Varios paneis dispostos preto das diferentes áreas do conxunto pretenden ampliar a fondura da ollada do visitante.

Xunto cos especialistas e membros do equipo da SAGA no Alto Támea, o

naturalista Xosé Ramón Reigada e o enxeñeiro Rafa Castro, a SAGA no seu conxunto está a colaborar na elaboración dos contidos relacionados con esta acción a prol da Cultura de Galicia.

Xosé Ramón Reigada está recoñecido como unha referencia imprescindible nas cuestións relacionadas co medio natural de toda esta grande área bioxeográfica galaica e transmontana. Os seus magníficos debuxos, fotografías e textos ilustran boa parte dos paneis que acompañan ó visitante neste percorrido. A dirección técnica ven da mau do enxeñeiro Rafa Castro, experto coñecedor do mundo tamagánico en xeral e das relacións ó longo do tempo entre as sociedades humanas e o seu medio, neste contexto R. Castro achega, ademais, os froitos das súas investigacións sobre o sistema tradicional de aproveitamento silvopascícola na zona. Así e todo, o verdadeiro protagonismo corresponde á xente da Saceda, que proporcionaron os datos, os nomes e as lendas e, sobre todo, foron quen de gardalas para nos durante xeracións.

Froito destas sinerxías son textos e imaxes coma as seguintes que, dispostos nos paneis, tentan suscitar a curiosidade dos visitantes cara ós valores deste senlleiro espazo xeo-histórico de Galicia. As actuacións estarán rematadas e en breve e así o faremos saber dende os medios de comunicación da SAGA. Mentres poden ir lendo aquí, se o desexan, unha parte deste traballo colectivo e dos textos confeccionados pola . Sociedade Antropológica Galega (SAGA) para os paneis informativos deste pro-



xecto de posta en valor do noso patrimonio material e inmaterial:



Urbanismo prehistórico no Castro da Saceda.
Foto SAGA 2013

O ser humano desenvolveu sempre unha relación dinámica coas ideas de Terra, Ceo, Auga e o resto dos elementos da paisaxe, os cales actuaron como referente integrador dos sistemas de prácticas sociais e crenzas relixiosas.

É por isto polo que todas as culturas antigas e tradicionais do planeta foron sensibles, permeables e activos creadores de fluxos de información nos que as diferentes perspectivas visuais nunca aparecen como panoramas neutros ou faltosos dunha esfera de sentido e significado. Ao contrario, e tendo en conta que as sociedades da antigüidade entendían o mundo como un feito transcendente ou sacro se se quere, cómpre considerar que toda paisaxe ten sido definida dentro dun contexto ideolóxico desenvolvido, en cada caso, como un concreto modelo de sociedade.


Deste xeito, e se as sociedades actuais son diferentes daquelas da prehistoria recente, tamén o é a paisaxe que hoxe percibimos respecto da percepción daquel tempo, xa que percibir é interpretar.

Non hai ningún dato aínda que permita soste que a comunidade que edificou o Castro da Saceda sexa unha excepción dentro do seu contexto crono cultural europeo e atlántico, o cal

non vén determinado polas manifestacións materiais da súa cultura, que sempre son funxibles, intercambiabiles e accesorias, senón pola súa adhesión, chea de matices locais, a un programa ideolóxico e simbólico característico da fachada occidental do vello continente.

Esta acrópole foi situada nunha contorna rica e biodiversa e foi deseñada por unha sociedade complexa que ancoraba os seus alicerces na idea dos intercambios a longa distancia, que xa foran protagonistas de períodos anteriores como o neolítico ou a idade do bronce.

Deuses, mitos e ritos varios, ademais doutras categorías culturais, deberon "poboar" os lugares e fitos visibles dende o recinto do Castro da Saceda e máis aló. Cómpre imaxinar a grande Lama da Veiga, aos pés do castro, ou o Monte Larouco limitando o horizonte como elementos interpelantes netos; morada dos deuses, hábitats de seres míticos, escenario natural de cosmogonías pretéritas. Tamén o deberon ser os lugares próximos como o denominado hoxe A Igrexiña dos Mouros, ou o túmulo megalítico do Madorriño, entre outros.



As xentes da Saceda transmitíronos, por exemplo a extraordinaria tradición segundo a cal os Mouros posuían un martelo máxico e voador que podía ser guindado dende a Igrexiña dos mouros até o Castro da Saceda, e dende aló cara o túmulo do O Madorriño e despois cara o Castro de San Millao.



Cando aquelas persoas ollaban dende este outeiro cara aos amplos horizontes, sen dúbida contemplaban unha realidade aumentada na que as toponimias daquela época darían conta do carácter transcendental dos espazos naturais. As contornas máis inhóspitas, como os cumios do Larouco, puideron ser entendidos como manifestación divina en si mesma, hierofanía, "deus supremo", segundo as inscricións do lugar de Pena Escrita, precisamente pola súa condición extrahumana.

A Lama da Veiga, se cadra, puido ser unha porta ao Alén xa que así o foron estes espazos chaguzosos ou as xeografías acuáticas no común das tradicións europeas. Bosques, animais e augas deberon ter, dentro daquel contexto cultural, propiedades simbólicas, máxicas e míticas, tal como acontece e se verifica noutros contextos semellantes moito máis sometidos ao escrutinio científico, signo dos tempos actuais post newtonianos.

Existen moitas categorías diferentes de augas continentais. De entre as que non corren e segundo a súa fondura, amplitude e orixe, en cada lingua do mundo apareceu toda unha familia de palabras que fai referencia a eses lugares nos que este elemento vital desenvolve unhas ou outras características. A limnoloxía é a especialidade que os estuda.

No caso da laga da Saceda, dentro do contexto cultural galaico e posto que a paisaxe enteira está vehiculada pola lingua propia de Galicia, atopámonos diante dunha "Lama" ou superficie chaguzosa con zonas adxacentes que varían, dentro da unidade que integran, entre os prados húmidos e as áreas inundadas. Case que toda a superficie é susceptible de asulagamento estacional o cal ten mais ou menos extensión segundo os anos.

O seu interese é grande en calquera caso tanto polo seu emprazamento nun planalto, segundo a expresión local, de terreos acedos e con poucos

nutrientes libres, oligotróficos, como pola notable abundancia e diversidade de especies que dispoñen dela como ecotono do biotopo que se xera ó seu redor.

Non é menos a súa importancia cultural en tanto que espazo de transición entre os medios terrestre, acuático e aéreo. Seres destas dimensións danse cita nesta Lama da Saceda que fica por este procedemento, instituída en interface que fai de continuidade entre as tres.

Esta circunstancia non pasou desapercibida para a sociedade tradicional da contorna da Saceda e así debeu acontecer tamén no caso das que a precederon sobre este territorio xa que todas elas desenvolveron de xeito intuitivo e tamén mediante a experiencia, un amplo coñecemento do seu medio.



A riqueza do vocabulario da fe do recoñecemento desta complexidade e xa que logo, da transcendencia desta Lama da veiga da Saceda como lugar de encontro do natural e o cultural. Esta intensa relación, predicible para calquera tempo, das comunidades da súa beira xustifican que esta Lama da veiga da Saceda sexa tamén un lugar respectable e valioso dentro da sociedade actual.



FAUNA E FLORA DE SACEDA

Achegamos a continuación un traballo sobre a fauna e flora de Saceda realizado polo compañeiro e naturalista da SAGA Xosé Ramón Reigada.

Fotografía e textos de Xosé Ramón Reigada

ANFIBIOS



Sapo de esporóns (*Pelobates cultripes*)

Figura na categoría de vulnerable no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. É o anfibio máis ameazado, o máis escaso e o que posúe unha distribución máis restrinxida en Galicia.



Ra de Santo Antón (*Hyla arborea*)

Na localidade da Saceda coñécese esta especie coa designación castelanizada de

Ranilla.

Xunto coa máis común **Ra verde** (*Pelophylax perezy*), a **Ranilla** é un dos anfibios máis representativos das lagas da Lama. A comezos de primavera óuvense os seus sonoros cantos nocturnos.



Pintafontes verde (*Triturus marmoratus*)

Na saceda fálase de dúas clases de Salamántighas, a máis coñecida **Salamántigha de pintas amarelas** (*Salamandra salamandra*), e esta outra **Salamántigha de pintas verdes**. O grupo dos anfibios están moi ben representado na Lama aínda con máis especies de interese.

RÉPTILES



Lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*)

Nesta rexión debería de levar o nome e cualificativo de Lagarto de auga ao estar restrinxido a



zonas de maior humidade ambiental, atlánticas, de influencia eurosiberiana.

Na Saceda só se recolleu a designación xenérica de **Lagarto**, onde coexiste co máis común **Lagarto arnal** (*Timon lepidus*).



Escáncer común (*Anguis fragilis*)

Esta especie prefere as zonas húmidas como esta da Lama.

Na Saceda recolleuse o nome vernáculo de **Escouparón** para designar a esta especie de lagarto sen patas e posiblemente a outras dúas especies de lagartos con patas reducidas como son o **Esgonzo común** (*Chalcides striatus*) e o **Esgonzo ibérico** (*Chalcides bedriagai*).

Existe a crenza popular de que estas especies son venenosas máis son na totalidade inofensivas.



Cobra viperina (*Natrix maura*)

Na Saceda recolleuse a designación **Cobra da augha** que podería comprender tanto a esta

especie como á súa parente a **Cobra de collar** (*Natrix natrix*) ao viviren ámbalas dúas en medios húmidos como é o caso da propia Lama. Non posúen toxicidade algunha, as únicas cobras con certa cantidade de veneno serían as víboras que se identifican polo corpo groso, cabeza triangular, lombo en zigue-zague e pupila vertical.

Na Serra do Larouco estaría presente a **Víbora de Seoane** (*Vipera seoanei*), que polo reducido das súas poboacións non entrañaría perigo para a xente. Segundo diversas publicacións a toxicidade non sería moi elevada mais si que requiriría de tratamento médico.

AVES



Pernileiro común (*Burhinus oedicnemus*)

En Galicia cría en puntos moi concretos e está considerada como en *perigo de extinción* no *Catálogo Galego de Especies Ameazadas*.

Na poboación da Saceda coñécese a esta especie co mesmo nome de **Pernileiro**. Díxose que "agora xa non se ven", isto é debido á súa escaseza, aínda que se poida ver algunha parella sen confirmarse a súa cría.

Lavandeira amarela (*Motacilla flava*)

É unha especie presente só en época de cría, de marzo a outubro. Habita en zonas ligadas á auga como esta da Lama. Pon os ovos no chan entre a herba.



Na Saceda recolleuse o nome vernáculo de **Boieira**, facendo clara referencia ao seu comportamento ao andaren cazando insectos entre o gando que paze na propia Lama. Segundo se contou hai dúas clases, esta que sería a **Boieira amarela** e outra que sería a **Boieira branca** (*Motacilla alba*).



Chasco común (*Saxicola torquata*)

É unha especie común que está presente todo o ano. Cría en zonas abertas con vexetación baixa. Os machos colócanse en puntos elevados do chan e permanecen expostos ás miradas da xente, por iso é unha das aves máis doadas de observar na Lama.

Na Saceda coñécese co mesmo nome de **Chasco**.

INSECTOS



Gaiteriño verde (*Lestes viridis*) provisional

Donceliña anana (*Ischnura pumilio*) pendente de foto

Estes insectos incluídos na orde dos Odonatos son das especies máis características dos medios acuáticos. A especie tratada correspóndese ca suborde dos Zygópteros (Cabaliños do Demo), é moi escasa e está moi localizada en Galicia, con presenza no humidal da Lama.



Libélula maculada (*Libellula quadrimaculata*) provisional

Lavacú sanguíneo (*Synpetrum sanguineum*) pendente de foto

Esta especie esta tamén presente no humidal da Lama e ponse como exemplo da outra suborde de Odonatos, os Anisópteros (Libeliñas).

Na Saceda non se recolleu ningunha designación para este grupo de fauna. Fica pendente que os veciños do lugar o faciliten, que de certo o terá, ao seren os Cabaliños do Demo e Libeliñas uns insectos moi coñecidos.



Vacaloura (*Berberomeloe majalis*)

Este é un insecto da Orde dos Coleópteros (Escarabellos). Non é unha especie velenosa,



tan só libera unha sustancia irritante cando é molestada. Aínda que non é propia de zonas húmidas está presente na Lama por ser o seu medio natural os espazos abertos como as pradarias.

Na Saceda recolleuse este nome vernáculo de **Vacaloura**, igual que no resto da comarca, identificando como **Escornabois** a especie *Lucanus cervus*.

FLORA



Erica tetralix

Esta planta da familia das ericáceas é propia de zonas húmidas, sendo moi representativa da Lama.

Os breixos húmidos atlánticos de *Erica tetralix* están incluídos como hábitats de interese e prioritarios na *Directiva europea relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (Directiva Hábitats)*.

Na Saceda recolléronse poucos nomes vernácu-

los de flora, entre estes estaba o de **Nichas**, designando a outra especie moi semellante, a *Erica cinerea*, de terreos máis secos.



Gentiana pneumonanthe

Esta é outra planta característica deste tipo de terreos asulagadizos coma o da Lama. A súa floración é de agosto a outubro.



Serapias lingua* e *Orchis coriophora

Estas dúas especies son da familia das orquídeas, ambas aparecen en pradarias húmidas. Poden contemplarse en grande número na primavera. Estas flores son de tamaño considerable a diferenza das anteriores e non se deben de arrincar.

Próximamente

II XORNADAS SOBRE O ENTROIDO EN GALIZA

O vindeiro 20 e 21 de febreiro terán lugar as II Xornadas sobre o entroido en Galiza organizadas pola SAGA

As xornadas incluírán un exposición sobre o entroido e sete conferencias impartidas por especialistas no campo do estudo do entroido galego. Os actos terán lugar na Casa das Campás de Pontevedra. En breve informaremos sobre o programa.





A paisaxe humana e a paisaxe natural de Galicia da man dos nosos fotógrafos

Pedro G. Losada



Foto de Evaristo Santamaría



13 de decembro
Sta Lucía (Luz para o Mundo)
O Sino, A Coruña 2013



Charly vareando olivas
Río Sil 06 Decembro 2013
Lugo



Mariñeiros en Portosín



Solpor
Monte Iouro, Muros A coruña
3 Novembro 2013





*San André de Teixido
Vai de morto quen non foi de vivo
Cedeira, A Coruña
30 de novembro de 2013*



*Romeiros
San André de Teixido
Cedeira, A Coruña
Novembro 2013*

Alberto Gilberto



*Ponte medieval da Roibeira,
No camiño antigo que une Betanzos e Curtis.
(Betanzos-Comarca das Mariñas-A Coruña)*



*Fonte milagreira da capela de Sta. Margarida con dous canos
ou tetos, por un mana a auga de Sta. Margarida contra o
meigallo e o mal parto, e polo outro a auga de Sta. Lucía, que
cura as afeccións da vista.
(O Val-Narón-Terra de Trasancos-Ferrolterra-A Coruña)*



*Praia e ermida de Sta. Comba
(Covas-Costa Ártabra-Ferrol-A
Coruña).*



*Cruceiro de Régoa
(Teixido-Cedeira-A Coruña)*



*Cruces solares no camposanto de Cambás
(Cambás-Aranga. A Coruña)*



*Camiño a San André de Teixido
Cedeira, A Coruña*